

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epoas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar	X	X	X	X	X					X	X	X
Zonas: Sarrido, Saco de Fefiñáns, Pantalán e San Miguel												
Especies: ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras	X	X	X	X	X					X	X	X
Zonas: Sarrido, Saco de Fefiñáns, Pantalán e San Miguel												
Especies: ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados	X	X	X	X	X					X	X	X
Zonas: Sarrido, Saco de Fefiñáns, Pantalán e San Miguel												
Especies: ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos	X	X	X	X	X					X	X	X
Zonas: Sarrido, Saco de Fefiñáns, Pantalán e San Miguel												
Especies: ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Subzonas de O Sarrido (Bebederos, Algaseiras, Illeiras, etc.)												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros						X	X	X	X			
Vixilancias, control de depredadores (<i>Carcinus maenas</i>)												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

De acordo co informe técnico modifícanse os toques de captura das seguintes especies, con respecto ao proposto, quedando: ameixa fina en 3kg/mariscadora/día (CPUE media no ano 2006 de 1 kg), ameixa xaponesa en 6 kg/mariscadora/día (CPUE media no ano 2007 de 3,50 kg) , ameixa babosa en 2kg/mariscadora/día, berberecho en 5 kg/mariscadora/día, reloxo en 2 kg/mariscadora e día, ostra en 1 kg/mariscadora/día

O calendario considerase correcto, pero deberá realizarse unha veda dun mínimo dun mes no Sarrido entre abril e xuño, co obxecto de favorecer na maior medida posible o desove e o recrutamento de berberecho e ameixa babosa.

O raño e a forquilla non son artes de marisqueo a pé de conformidade co establecido no artigo 118º do Decreto 424/1993, de 17 de decembro. Polo que o emprego destas artes só poderá realizarse ao abeiro do correspondente plan experimental que autorice o seu emprego.

O control de depredadores (*C. maenas*) será valorado cando detallen as zonas, metodoloxía e datas da súa realización.

A autorización para a realización de traballos que supoñan a eliminación de ceba (*Zoostera spp*) no Sarrido estará condicionada polo informe que a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible emita sobre o plan de explotación, por tratarse dunha zona protexida.

Os traballos de control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros, contemplados no Decreto 237/2002, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 423/1993, do 17 de decembro poden ser realizadas polas mariscadoras e mariscadores, e desenvolverse

tódolos días do ano. Polo tanto non procede solicitar a autorización a delegación territorial para a realización desta labores, tal e como contempla o plan de explotación no apartado da organización da vixilancia (5.7).

Con respecto ao réxime sancionador recomendase que o colectivo revise coa axente de extensión se o procedemento sancionador que se describe no plan se axusta os estatutos da confraría e ó regulamento de réxime interior da agrupación.

Recoméndase, segundo os informes técnicos as seguintes melloras do plan de explotación:

- Cartografiado completo dos bancos, sinalando os puntos de control.
- Presentación dun resumo dos resultados das mostraxes outonais.
- Acreditar a aprobación da proposta de plan pola agrupación de mariscadoras a pé.
- Plan financeiro mais detallado.

Para a explotación do reló deberá seguirse o “Protocolo para a apertura do reloxo nos bancos marisqueiros”.

*